



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI", POSTA EN COÑECEMENTO DO INFORME TÉCNICO Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE OFERTA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA, ACORDO DE PROPOSTAS ECONOMICAS ADMITIDAS; OUTORGAMENTO DE PUNTUACIÓN ÁS EMPRESAS ADMITIDAS Á LICITACIÓN E PROPOSTA DE OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA

Na Casa Consistorial do Concello de Tui sendo as dez horas e quince minutos do día 16 de outubro de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-presidente.

-Vogais:

*-Alejo Ordóñez Méndez, funcionario no que delega a súa asistencia o interventor do concello.

*-Pilar Fernández Rodríguez, secretaria xeral do concello.

Secretario: José Angel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Non asisten ni o técnico municipal D. Fabián Barreiro González, nin Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Urbanismo e Facenda.

1.- A Mesa de Contratación realizada o pasado día 16 de agosto de 2017, convocada para o acto de apertura pública das propostas económicas/criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula, presentadas á licitación, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

(.../...)

" Primeiro.- Solicitar á empresa INNOVALIA ASESORES, S.L., con enderezo en rúa Jaime I, 8 Entresuelo. Izquierda, 03510 Callosa de Ensarría (Alicante) e ao abeiro do que indica o art. 152.3 (Ofertas con valores anormais ou desproporcionados) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia de tres días hábiles al licitador (por tratarse dun procedemento urgente) , aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello".

2.- Rematado o prazo de presentación de documentación requirida ao licitador anteriormente citado, presenta documentación a empresa Innovalia Asesores S.L. con data 28/08/2017 RXE nº 2017-E-RC-7856.

3.-Derívase a documentación xustificativa presentada polo licitador ao técnico municipal aos efectos de informe, o cal emite o que a continuación, se transcribe literalmente:

“D. Fabián Barreiro González, técnico municipal do Concello de Tui, cumprimentando o interesado pola mesa de contratación en relación co expediente de contrato de servizo "Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui", na que se detecta unha oferta en presunción de temeridade, formula o seguinte:

INFORME:

DATOS XERAIS:

Obxecto Informe técnico sobre xustificación da oferta incurso en presunción de Temeridade.

Promotor..... Concello de Tui.

Servizo a contratar Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui.

ANTECEDENTES:

Memoria descriptiva valorada para a elaboración de inventario de camiños municipais do

Concello de Tui , de data 29/02/2016.

Características do contrato administrativo :

Orzamento base: 29.800,00€

Orzamento total: 36.058,00€

O día 16 de Agosto de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACIÓN, para apertura do sobre nº 2 Criterios Cuantificables de Forma Automática–Proposición Económica/Criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula, presidida por D. Enrique Cabaleiro González, alcalde-Presidente, actuando como vogais, a interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a Pilar Fernández Alonso, D. Fabián Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal, e D^a Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira de Facenda e Urbanismo e actuando de secretario da Mesa a funcionaria D. Jose Angel Fernández Rodríguez.

Os criterios de adxudicación establecidos na licitación para o sobre nº 2 Criterios Cuantificables de Forma Automática–Proposición Económica/Criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula son:

- Oferta económica: baixa no prezo do contrato: Máximo de 30 puntos.*
- Período de asistencia técnica/ Mantemento do inventario: Máximo de 20 puntos.*
- Redución do prazo de execución do contrato: Máximo de 10 puntos.*

Unha vez indicado o anterior, a Mesa de Contratación procede á apertura do sobre nº 2 dos seguintes licitadores, que ofrecen:



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui
Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

Empresa	Total Oferta Económica (IVE incluído)	Período Asistencia Técnica	Redución Prazo exec.
Innovalia Asesores S.L.	22.429,00€	4 anos	5 semanas
Laya Gestión y Servicios. S.L.	32.452,20€	4 anos	4 semanas
Estudio Técnico Gallego S.A.	29.009,75€	4 anos	4 semanas
Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L. (ICARTO)	30.577,18€	4 anos	4 semanas
PROCAT Ingeniería y Medio Ambiente, S.L.	30.008,00€	4 anos	4 semanas

Visto o anterior, a mesa de contratación, *acorda: Solicitar á empresa INNOVALIA ASESORES, S.L., con enderezo en rúa Jaime I, 8 Entresuelo. Izquierda, 03510 Callosa de Ensarría (Alicante) e ao abeiro do que indica o art.152.3 (Ofertas con valores anormais ou desproporcionados) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.*

O día 23/08/2017 remítese requirimento de xustificación de viabilidade da proposta económica presentada a empresa INNOVALIA ASESORES, S.L.

O día 28/08/2017 con rexistro de entrada 2017-E-RC-7056 recíbese no concello justificación Proposta económica por parte da empresa INNOVALIA ASESORES, S.L.

EVALUACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Procedese a examinar a documentación presentada de xustificación da oferta incurso en presunción de temeridade:

_ Empresa INNOVALIA ASESORES, S.L.

1. Argumenta a xustificación da súa oferta económica nos seguintes puntos :

- Metodoloxía de Elaboración de Inventario.
- Sistemas de Información Centralizados.
- Campaña promocional Innovalia Asesores.

CONCLUSION DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS.

*-A empresa presenta escrito en contestación o acordo da mesa de contratación por considerar a súa oferta en presunción de temeridade, onde explica de maneira breve e resumida a súa metodoloxía de traballo.

*-Non presenta ningún estudio de costes que xustifiquen dita oferta.

En vista da documentación presenta, **NON ESTA XUSTIFICADA a viabilidade da proposta económica incurso en presunción de Temeridade”.**

A Mesa de Contratación, á vista dos informes emitidos, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da proposta económica presentada polo seguinte licitador, por considerarse incurso en baixa temeraria ao non estar xustificada a viabilidade da proposta económica de acordo coa motivación sinalada no informe do técnico municipal de data 27/09/2017, transcrito anteriormente:

- Innovalia Asesores S.L., con enderezo en Avda. Jaime I nº 8 Ent. Izquierda, 03510- Callosa De Ensarria (Alicante), correo electrónico: plicas@innovalia-asesores.com.

2º.-Outorgar as seguintes puntuacións as propostas económicas/criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula:

EMPRESA	Metodoloxía Plan Trabajo	Oferta Económica	Período Asistencia	Redución Prazo	Puntuación Total
Laya Gestión y Servicios S.L.	30,00	26,70	20,00	10,00	86,70
Estudio Técnico Gallego	30,00	30,00	20,00	10,00	90,00
ICARTO S.L.	25,00	28,50	20,00	10,00	83,50
PROCAT S.L.	25,00	29,10	20,00	10,00	84,10

3º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa " Estudio Técnico Gallego S.A.", con NIF nº A-15093081, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Vía La Cierva 15, Polígono del Tambre, 15890 Santiago (A Coruña), correo electrónico: estudiotg@estudiotg.es, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.

De seguido e sendo as dez horas e vinte e cinco minutos extendese a presente acta, do que eu coma secretario, dou fe.